



# ENTROIDO

## MMXXII



DE ROMA A COMPOSTELA



REDE · DE · CENTROS · SOCIOCULTURALS  
SANTIAGO · DE · COMPOSTELA

### CONCURSO · DE · DISFRACES NA · REDE

A temática será libre, e haberá dúas categorías:

- Mellor disface familiar
- Mellor disface infantil

Deberás enviar as fotografías do 12 ao 26 de febreiro.

As imaxes serán publicadas na páxina de Facebook da Rede de Centros Socioculturais cos cancelos #NoEntroidoPretodeTI #CentrosSocioculturaisPretodeTI

Haberá algunha sorpresinha para as persoas gañadoras. Enchamos as redes de cor e diversión!

Consulta as bases e a ficha de inscrición no QR.



### COMPARSA · OS · TRESCENTVM · DE · ASSECONIA

MARTES 1 DE MARZO

A Rede de Centros Socioculturais de Santiago sairá un ano máis a correr o Entroido animando á participación.

Nesta ocasión o disface escollido é de Romanos, co que ademais de celebrar a festa queremos dar a coñecer un pouco máis as orixes Romanas de Compostela.

Saíremos desde varios puntos da cidade para xuntarnos na Praza da Quintana.

Consulta máis información e ficha de inscrición no QR.



### OUTROS · ENTROIDOS · NOS · BARRIOS

**CASTIÑEIRIÑO** Martes 1 de marzo ás 18 h. Corremos o Entroido tradicional polo barrio co disface "Vivan os Xenerais".




**CONXO** Sábado 5 de marzo a partir das 12 h. Festa do Entroido de Conxo polas rúas do barrio con diferentes comparsas. Regueifas e coplas nas prazas. Encontro e festa final na praza Aurelio Aguirre, con entrega de premios aos mellores disfraces de sombreiros e concurso de filloas e orellas. Vid. programación específica.

**FONTIÑAS** Venres 25 ás 19 h en Area Central. A temática da festa Rechamanguera deste ano será a Bruxa Avería do mítico programa televisivo infantil dos anos 80 A bola de cristal.

Organiza CSC das Fontiñas en colaboración coa ludoteca María Miramontes e Área Central.

Para participar nestas comparsas contacta cos centros socioculturais do Castiñeiriño, Conxo ou Fontiñas



### ESCENARIO · PARA · FOTOGRAFARSE

Nos CSC dispoñemos dun espazo ambientado coa temática do disface e poderás fotografarte! Búscalo e tira unha foto!

### COMPOSTELAASSECONIA

Queres coñecer ás orixes romanas de Compostela? Descarga este QR.



### ACTIVIDADES · DE · DINAMIZACIÓN · NOS · CSC

Nas bibliotecas, aulas de xogo, salas informáticas, espazos de maiores, espazos infantís, continuaremos traballando con obradoiros de Entroido e pescudando e compartindo costumes e receitas entre a veciñanza.



Máis información nos centros socioculturais ou [www.santiagodecompostela.gal](http://www.santiagodecompostela.gal)

#NOENTROIDOPRETODETI

#CENTROSSOCIOCULTURISPRETODETI

